



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Lingua e literatura castelá e a súa didáctica		Código	652G02017
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Carballal Miñan, Patricia	Correo electrónico	patricia.carballal@udc.es	
Profesorado	Carballal Miñan, Patricia	Correo electrónico	patricia.carballal@udc.es	
Web	http://www.educacion.udc.es/			
Descrición xeral	1. Desenvolvemento das competencias en expresión oral, lectura e escritura en lingua castelá. Coñecemento e dominio de técnicas de expresión oral e escrita. 2. Características da aprendizaxe de linguas en contextos multilingües. 3. Desenvolvemento e avaliación de contidos curriculares de lingua castelá a través dos recursos didácticos axeitados. 4. Adquisición de formación literaria e de coñecementos básicos de Literatura Castelá. 5. Panorámica actual da Literatura Infantil e Xuvenil en lingua castelá. 6. Literatura e aprendizaxe lingüística. A utilización escolar dos diferentes xéneros literarios e doutros textos. A biblioteca na aula.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos ? Non se realizarán cambios 2. Metodoloxías Metodoloxías docentes que se manteñen: -Mantéñense todas as metodoloxías Metodoloxías docentes que se modifican: -Non se modifica ningunha metodoloxía 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: ? Correo electrónico: en horario lectivo. Pode empregarse para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. ? Moodle: en horario lectivo. Crearanse foros e tarefas para o intercambio de opinións do alumnado e para poñer en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia. A través de presentacións e lecturas propostas explicaranse os contidos. Asimesmo achegarase bibliografía específica dos diferentes temas expostos en caso de que o estudantado non poda acceder a ela. ? Teams: cando se requira por parte dos/as alumnos/as, sempre no horario de titorías da profesora ou no marco horario da materia. 4. Modificacións na avaliación: Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que: -As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial. 1. SITUACIÓNS: A) Alumnado con dedicación completa: Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (70%). b) Resumo/ reflexión individual (30%) B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212): Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%: a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (70%). b) Resumo/ reflexión individual (30%) C) Alumnado non presencial: a) Proba mixta (100%) b) En casos excepcionais e previa autorización por parte da docente, os /as estudantes non presenciais poderán realizar o traballo de modo individual e o resumo/reflexión individual. 2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA: 1. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase. 2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación. 3. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique. 4. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: - Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.
-----------------------------	--



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil.		A44	B21 B22 C8
Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura.		A45 A50	B23 B24 B25
Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.		A43 A46 A47 A49	B9 B10 B11 C2
Fomentar a lectura e animar a escribir.		A48 A51	C3
Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover as competencias correspondentes aos estudantes.		A52	
Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.			B7
Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.			B8
Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.			B15
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Didáctica da literatura.	1. Que é a literatura? 2. A literatura como feito artístico. 3. Paradigmas teóricos da educación literaria. A competencia literaria e as destrezas lingüísticas. 4. O currículo de Lingua e literatura castelá en Educación Primaria.
Tema 2. A literatura infantil e xuvenil.	1. Breve panorama da LIX universal. 2. A LIX en lingua castelá.
Tema 3. Didáctica da poesía.	1. A poesía. 2. A poesía en lingua castelá e o alumnado de Educación Primaria. 3. O cancionero infantil tradicional: características, xéneros, funcións e temas. 4. A escritura creativa e a didáctica da poesía nas aulas de Educación Primaria.
Tema 4. Didáctica da narración.	1. A narrativa. 2. Elementos da narración. 3. Xéneros narrativos. 4. O conto literario e o conto tradicional. 5. Apuntes sobre a historia do conto tradicional en lingua castelá. 6. O conto tradicional na aula: Gianni Rodari e Vladimir Propp. 7. A escritura creativa e a didáctica da narración nas aulas de Educación Primaria. 8. O conto contado.



Tema 5. Didáctica do teatro	1. Apuntes sobre a historia da arte escénica. 2. O texto dramático: texto literario e texto espectacular. 3. Elementos da ficción dramática. 4. O teatro escolar e a dramatización como recursos educativos nas aulas de lingua e literatura en lingua castelá.
Tema 6. Bibliotecas e animación á lectura.	1. A biblioteca escolar. 2. A biblioteca de aula. 3. Animación á lectura dende as bibliotecas escolares.
Tema 7. Lingua e literatura.	1. As habilidades lingüísticas a través da literatura. 2. Técnicas de expresión oral e escrita a través dos textos literarios: ler, escribir, narrar, recitar e contar. 3. A aprendizaxe da lingua e da literatura en contextos multilingües.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A52 A50 A49 A48 A47 A46 A45 A44 A43 B11 B15 B21 B23 B24 B25 C2 C3	9	26	35
Traballos tutelados	A44 A45 A47 A48 A51 A52 B7 B8 B9 B10 B15 B22 C1 C8	17	35	52
Discusión dirixida	A43 A44 A45 A46 A48 A50 A52 B7 B8 B9 B15 B21 B22 B23 B24 B25 C1	11	15	26
Resumo	A47 A46 B7 B8 B9 B15 C1	0	1	1
Lecturas	A44 A45 A47 A48 B15	5	21	26
Atención personalizada		10	0	10
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Participación de todos os alumnos e alumnas na construción dos saberes e na análise crítica dos contidos presentados na materia.
Traballos tutelados	Realización dun traballo relacionado cos contidos comunicativo-literarios tratados no programa docente, adecuado ao alumnado de Educación Primaria.
Discusión dirixida	Conversacións, debates e tertulias sobre obras literarias e sobre documentos teóricos.
Resumo	Resumo e reflexión sobre as aprendizaxes adquiridas na materia.
Lecturas	Os alumnos e alumnas deberán achegarse a un corpo bibliográfico indicado nas aulas e a varias obras literarias.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Aprendizaxe colaborativa Traballos tutelados	A atención personalizada ao alumnado consistirá no asesoramento pedagóxico, didáctico e bibliográfico da materia, así como na dirección dos traballos tutorizados e na súa corrección. A profesora estará dispoñíble no horario de titorías sinalado.
---	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A44 A45 A47 A48 A51 A52 B7 B8 B9 B10 B15 B22 C1 C8	Ao longo do curso os alumnos e alumnas deberán realizar un traballo en grupo.	70
Resumo	A47 A46 B7 B8 B9 B15 C1	Resumo e reflexión sobre as aprendizaxes adquiridas ao longo da materia.	30

Observacións avaliación
Os alumnos e alumnas presenciais (é dicir, aqueles que asistan a un 80% das clases), para superar a materia na oportunidade de xuño, deberán obter unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto no traballo tutelado como no resumo. Cunha nota inferior en calquera das dúas partes non superarán a materia e deberán presentarse á oportunidade de xullo para ser avaliados da parte que non superaran na convocatoria anterior. Os alumnos e alumnas non presenciais (aqueles que falten a máis dun 20% das clases) serán avaliados na oportunidade de xuño soamente mediante unha proba obxectiva na data fixada pola Xunta de Facultade.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Pelegrín, A. (1996). La flor de la maravilla. Juegos, recreos, retahílas.. Madrid: Fundación. Germán Sánchez Ruipérez - García Carcedo, P. (2011). Educación Literaria y Escritura Creativa. Granada: GEU - Ortiz, E. (2009). Contar con los cuentos. Guadalajara: Palabras del candil - Motos, T. (1996). Juegos creativos de lenguaje. Santiago de Compostela: Universiade de Santiago de Compostela - Prado Díez, D. (1996). Técnicas creativas y lenguaje total . Santiago de Compostela: Universiade de Santiago de Compostela - Atero Burgos, V. (2010). Retahílas y canciones infantiles. Patrimonio oral de la provincia de Cádiz. Cádiz: Universidad de Cádiz - Moreno, V. (1998). Va de poesía. Navarra: Pamilela - Moreno, Víctor (1996). Escritura imaginativa. Abecedario de la escritura. Santiago de Compostela: Universiade de Santiago de Compostela - Tejerina Lobo. (). Algunas consideraciones pedagógicas sobre la poesía. http://www.biblioteca.org.ar/libros/132273.pdf - Besora, R. (1992). Aproximación a la poesía a través del juego. Papeles de literatura infantil, núm. 15, pp. 3-12 - Badia, D. & Vilà, M. (2000). Juegos de expresión oral y escrita. Barcelona: Graó - Morilla, L. e Hohan, S. A. (1999). Hacer escribir a los niños. La metodología del taller de escritura y consignas prácticas para incentivar el mundo creativo y novelesco de los niños. Barcelona: Grafein - Rodari, G. (2004). Juegos de fantasía. Zaragoza: Edelvives - Díaz Plaja, Ana; G. Bordóns (2006). Enseñar literatura en secundaria La formación de lectores críticos, motivados y cultos. Barcelona: Graó - Anderson Imbert, E. (1996). Teoría y técnica del cuento. Barcelona: Ariel - Cone Bryant, S. (1999). El arte de contar cuentos. Barcelona: Biblaria - Couto Palmeiro, V; Lamapereira, e Vieites, M. (1992). Práctica teatral na escola. Vigo: Ir Indo - Fortún, E. (2003). El arte de contar cuentos a los niños. Sevilla: Espuela de Plata - Pelegrín, A. (1996). La flor de la maravilla. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez - Rodari, G. (1991). Gramática de la fantasía. Introducción al arte de contar historias. Barcelona: Aliorna - Sobrino Freire, I. (2012). O Obradoiro de contacontos na titulación de Educación Infantil. Didáctica de la Lengua y la Literatura: experiencias de innovación docente en la universidad. Barcelona: Universidad de Barcelona - Noia Campos, C. (2002). Contos galegos de tradición oral. Vigo : NigraTrea - Cerrillo, P. (2013). Canon Literario, Canon escolar, canon oculto. Cuaderns de Filologia. Estudis literaris, XVIII. pp. 17-13 - Lluch, G. et alii. (2010). Las lecturas de los jóvenes. Barcelona: Anthropolos - Machado, A. Mª. (2002). Lectura, escuela y creación literaria. Salamanca: Anaya - Zipes, J. (2012). El irresistible cuento de hadas. Buenos Aires: Fondo de cultura económica - Zumthor, P. (1991). Introducción a la poesía oral. Madrid: Taurus - Garraón, A. (2005). Historia portátil de la literatura infantil. Salamanca: Anaya - Colomer, T. (2010). Introducción a la literatura infantil y juvenil actual. Madrid: Síntesis - Colomer, T. (2010). La evolución de la literatura infantil y juvenil en España. Ibby - García Padrino, J. (1992). Libros y literatura para niños en la España contemporánea. Revista interuniversitaria de formación del profesorado, 18, pp 302-3013. - Chambers, Aidan (2015). Dime. México: Fondo de Cultura Económica
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Literatura infantil e xuvenil e a súa didáctica/652G02029
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Teoría da educación/652G02001 Socioloxía da educación/652G02004
Materias que continúan o temario
Lingua castelá e a súa didáctica/652G02010 Literatura infantil e xuvenil e a súa didáctica/652G02029
Observacións
A asistencia regular ás aulas dará ao alumno ou alumna o dereito de realizar os traballos titorizados. Se o alumno ou alumna non cumpre con este requisito de asistencia (é dicir, falta máis dun 20% das horas) será avaliado unicamente mediante a proba obxectiva fixada en xuño pola xunta de facultade. En ningún caso se permitirá o plaxio. De ser detectado en calquera traballo, exame ou outro documento entregado á profesora, este será avaliado directamente cun 0 (nunha escala do 0 ao 10). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar o respecto e a igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e propóranse accións e medidas para corrixilas. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Todos os traballos serán enviados telematicamente e só se imprimirán en casos excepcionais, coa fin de facer un uso sustentable dos recursos e previr impactos negativos sobre o medio natural.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías